



**aeiga**  
ASOCIACIÓN DE EMPRESAS  
DE INSERCIÓN DE GALICIA

## DECÁLOGO: RETOS EN MATERIA DE CONTRATOS RESERVADOS

- 1. Aprobar os acordos dos órganos competentes das comunidades e/ou cidades autónomas que non os tiveran aprobado sobre as porcentaxes de reservas.** Sería aconsellable que se asemellase ao esixido no ámbito estatal (7%-10%) en relación co orzamento autonómico ou local.
- 2. Promover a creación de mecanismos públicos de control eficaces sobre o seguimento e grao de cumprimento de contratos reservados de acordo a DA 4º, así coma calquera outra normativa ou lei transversal que contemple porcentaxes obrigatorias de contratación reservada.**
- 3. Fomentar o diálogo co sector.** Necesidade, por parte da administración de coñecer sectores, actividades e capacidade produtiva de CEEIS e EI; para identificar actividades/servizos obxecto de contratación reservada e evitando contratos desertos.
- 4. Consignar a obrigación de presentación de inscrición no rexistro correspondente ao comezo dos procedementos de licitación e, en caso de resultar adxudicatarias, manter a súa cualificación e inscrición no devandito rexistro durante toda a vixencia do contrato. Para garantir este cumprimento é imprescindible que os rexistros de CEEIS e EI estean debidamente actualizados.**
- 5. Recoller nos pregos de licitación a expresa prohibición de subcontratación a empresas non beneficiarias do dereito de reserva, salvo nas prestacións accesorias ao obxecto principal do contrato, sempre que se xustifique debidamente no expediente.**

6. **Implementar nas correspondentes plataformas de contratación os mecanismos adecuados para que a publicidade deste tipo de contratos sexa identificable e accesible.**
7. **Realizar unha revisión da regulación da Disposición Adicional 4ª, xa que permite a reserva a todo tipo de contratos, pero unicamente pódese establecer a porcentaxe de cumprimento con respecto dos contratos de subministracións e servizos, o que pode desincentivar a tramitación como reservados aos contratos de obras e concesións. Valorar a necesidade de revisión do catálogo de servizos do anexo VI e a súa adaptación á realidade actual do sector.**
8. **Consignar nos pregos e no anuncio a existencia da reserva e mención ao artigo no que se basea; para xustificar a limitación á concorrência competitiva, como función estratéxica da contratación pública e como elemento integrador do colectivo protexido.**
9. **As distintas autoridades competentes deben mellorar a formación do órgano de contratación e sensibilizar ao respecto das pautas legais que se atopan incorporadas no marco de políticas de desenvolvemento económico eficiente, sostible e inclusivo.**
10. **Crear ferramentas para fomentar unha maior concreción de criterios sociais, ambientais e de innovación en medidas específicas facilmente comprobables, sen reduci-lo ao mero cumprimento da legalidade.**

Documento elaborado por AEIGA, Asociación de Empresas de Inserción de Galicia no marco das actividades de Promoción das Empresas de Inserción.

Santiago de Compostela, setembro de 2022

